



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Corbacho Valencia, Juan Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
González Álvarez, Dolores
Graña Rodríguez, Ana María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Pena Uris, Gloria M.
Rodríguez Vázquez, Virxilio

DECANOS/DIRECTORES

Collazo Fernández, Antonio
Cuiñas Gómez, Íñigo
Fernández Prieto, Marta
Gómez Fraiz, Santiago
Pillado González, Esther
Rodríguez Martínez, Fco. Javier
Romo Pérez, Vicente

PDI-A

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos
Bueno Alonso, Jorge Luis
Collazo Fernández, Antonio
Castro Cerceda M^a Luisa
García Fontán Soledad
Pérez Cota Manuel
Pino García, Antonio
Reigosa Roger Manuel Joaquín
Rivo López Elena
Vallejo Pousada Rafael
Vaquero Díaz M^a Beatriz

PDI-B

González Jorge, Higinio

ESTUDANTES

Moldes Pita, Óscar
Rivera González, Paula
Vázquez-Rey Farto, Ernesto

PAS

Cebro Rodríguez, Xan
Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL

SINDICATOS

Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico A.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

García Señorán, María del Mar
García-Pintos Escuder Adela
Llamas Nistal Martín
Pardo Froján, Juan E.
Pedrosa Silva, Ernesto
Reboreda Morillo, Susana
Rubio Armesto, Belén

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 9 de outubro de 2017, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

Ás 10:30 h do día **9 de outubro de 2017** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 19 de xullo de 2017.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do Procedemento para modificar os contratos do Programa para a contratación de persoal postdoutoral cara a intensificación investigadora do profesorado axudante doutor.
4. Aprobación, se procede, dos criterios para a elaboración da oferta de emprego público de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo para o ano 2017.
5. Aprobación, se procede, do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, para a constitución dun Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG).
6. Aprobación, se procede, de modificacións ó Regulamento de mobilidade internacional da Universidade de Vigo, aprobado no Consello de Goberno o 7 de maio de 2013.
7. Aprobación, se procede, do Protocolo para o desenvolvemento do Programa de soporte á xestión económica de grupos de investigación – Período 2018-2021.
8. Aprobación, se procede, da categorización, a efectos da actividade de investigación e transferencia, do persoal investigador doutor contratado por outros organismos de investigación e adscrito á Universidade de Vigo mediante convenios.
9. Aprobación, se procede, da derogación normativa relativa ás titulacións LRU.
10. Aprobación, se procede, do Regulamento de transparencia e acceso á información pública da Universidade de Vigo.

11. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.
12. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado por María Victoria Verdugo Matés contra o acordo do Consello de Goberno polo que se aproba o POD para o curso 2017/2018, correspondente ao Dpto. de Economía Aplicada.
13. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: *Co-operation framework agreement between The Universidade de Vigo and Hanoi University of Science and Technology – Specific agreement between the Universidade de Vigo and Hanoi University of Science and Technology (Vietnam) for students exchange* – *Co-operation framework agreement between the Universidade de Vigo and Vietnam National University of Agriculture – Specific agreement between the Universidade de Vigo and Vietnam National University of Agriculture for students exchange* – Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo, a Universidade da Coruña e a *Universidad de las Islas Baleares* para a realización de prácticas de alumnos/as do Master universitario en Bioloxía Mariña – Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo, a Universidade da Coruña e Pradoc S.A. (colexio *Los Sauces*, Mos) para a realización de prácticas de alumnos/as do Máster interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Peruana de Ciencias Aplicadas* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Peruana de Ciencias Aplicadas* para o intercambio de estudantes – *Co-Operation framework agreement between The Universidade de Vigo and Ho Chi Minh City University of Technology (HCMUT)* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Puerto Rico, Recinto de Río Piedras*.
14. Rogos e preguntas.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 19 de xullo de 2017.

Non se presentaron alegacións, nin se formulan comentarios polos presentes. Apróbase por asentimento coa abstención expresa do profesor Pérez Cota, por ausencia da sesión anterior.

2. Informe do reitor.

Comeza felicitando a toda a comunidade polo bo traballo realizado no eido da Investigación e Transferencia, que permiten que a Universidade de Vigo se manteña entre as 20 mellores universidades do sistema español, segundo o último informe da *Fundación Conocimiento y desarrollo (CYD 2016)*. En Galicia, estamos por detrás da USC en volume, pero por diante en excelencia.

Destaca de xeito especial os resultados en transferencia, éxito que se revela en que, por segundo ano consecutivo, a Universidade de Vigo lidera a clasificación das Universidades españolas en función da participación en Proxectos Feder Interconecta con 36 proxectos, lonxe do segundo (USC 16) ou das seguintes (Málaga 15, UPM 13). Indica que tamén a UVigo ocupa un excelente 10 posto na solicitudes de patentes nacionais, 159, xusto por detrás da Autónoma de Madrid (193) e subliña a importancia dos proxectos institucionais que nos permiten destacar e

conectarnos co entorno social e económico. A transferencia, di o reitor, é unha importante aposta da universidade, a pesares de que non conta nos ránkings importantes de clasificación das universidades

No ámbito académico, destaca o esforzo realizado en docencia e na acreditación da calidade dos títulos, resaltando a que, no mes de setembro, a Facultade de Ciencias da Educación e Historia, no Campus de Ourense e EE Forestal no Campus de Pontevedra acadaron a certificación Fides-Audit e o selo Q da Universidade, polo que xa son 11 os centros da UVigo que dispoñen de dita acreditación.

Continúa expoñendo o reitor que tamén é importante o recoñecemento que outros fan do noso traballo en áreas como a internacionalización. Explica que a Universidade de Granada vén de incorporar a proba HELA, desenvolvida na nosa Universidade, como sistema de acreditación de nivel do profesorado que imparte docencia en inglés, como o recolle o seu plan de política lingüística, aprobado no mes de xullo. A semana pasada o CdL desprazou a tres profesores que examinaron a os primeiros 36 docentes. Recoñecido incluso pola Universidade de Cambridge. Destaca o reitor que este é outro froito do esforzo e traballo do noso persoal.

Dá conta a continuación dos excelentes resultados acadados en áreas tan sensibles para a UVigo como o medio ambiente, acadándose unha redución da pegada de carbono por persoa, que, segundo os informes publicados por la OMA. Nos nove anos nos que se leva realizando esta determinación, as emisións dos tres campus universitarios fóronse reducindo e, no 2016, vólvese marcar outro mínimo histórico, con 0,95 toneladas de CO₂ por persoa, o que supón unha redución dun 1,75% respecto a 2015.

De seguido informa das actividades que se levaron a cabo ou están a piques de realizarse na axuda e potenciación do emprendemento do noso alumnado, liña de traballo na que, remarca o reitor, a UVigo está especialmente implicada. Dá conta, nesta liña, da celebración os días 22 e 23 de setembro da cuarta edición do PONT UP, cun notable éxito, dentro do proxecto de especialización Crea S2i. Neste evento, que está dirixido a dar apoio e visibilidade aos novos emprendedores e emprendedoras, amosaron os seus produtos 40 emprendedores seleccionados de entre 120 candidaturas chegadas de toda Galicia, e aglutináronse unha morea de actividades brindando unha oportunidade de formación para os emprendedores actuais e potenciais. En relación co Forum Emprego, que se celebra hoxe, o reitor indica que xa están cubertas todas as prazas nos 3 campus dende hai días, e explica que se trata unha xornada de preparación para a feira de emprego FINDE.U, na que hai unha parte presencial de conferencias e obradoiros, e unha sesión non presencial sobre ferramentas de busca de emprego e outros aspectos. Engade que tamén se vén de presentar en prensa a feira de emprego que se celebrará os días 24-25 de outubro no IFEVI coa presenza de máis de un centenar de empresas confirmadas, todas elas con ofertas de emprego e/ou prácticas. Para finalizar este apartado de información, o reitor dá conta da organización do programa “Destrezas”, en colaboración coa FUVI, que comeza este mes de outubro e que tivo un gran éxito o ano pasado.

Noutro eido de cosas, o reitor felicita á xerencia e á unidade de secretaría do equipo de goberno pola organización das “XXXV Jornadas de Gerencia Universitaria” impulsadas pola CRUE e organizadas pola UVigo nos días 20-22 de setembro. Nestes días, preto de 200 especialistas se reuniron para abordar os distintos retos na xestión das universidades e deseñar estratexias comúns en áreas como administración electrónica, ciberseguridade, xestión das infraestruturas, da investigación ou xestión enerxética sostible.

Informa tamén o reitor de que o día 10 celebrárase a xornada de presentación da Exposición do Pergamiño Vindel. Explica que se produciron algunhas dificultades na organización por parte da

Xunta de Galicia, xa que diante da previsión inicial de que asistira o rei, non foi posible invitar a todo o profesorado da UVigo, como era a intención do noso equipo.

Para finalizar o reitor dá conta das novidades en relación coas infraestruturas dos novos centros, indicando que están a piques de comezar as obras na rehabilitación dos edificios da sede do Berbés, despois das dificultades aparecidas. Indica tamén que xa se comunicou publicamente que xa está finalizado o proxecto de rehabilitación do edificio da sede do Campus Crea en Benito Corbal, que se realizará unha reunión para que sexa explicado e posteriormente un acto de presentación pública do mesmo. En relación coa rehabilitación do edificio Faraday do Campus do Mar nas instalacións da ETEA, refire que xa unha vez seleccionado o estudo Abalo Alonso, está levando a cabo a redacción definitiva do proxecto para que posteriormente se poida realizar o concurso para a execución da obra.

3. Aprobación, se procede, do Procedemento para modificar os contratos do Programa para a contratación de persoal postdoutoral cara a intensificación investigadora do profesorado axudante doutor.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, que explica que na documentación achegada coa convocatoria da sesión dispoñen dun documento no que se recolle a motivación e o procedemento concreto para a transformación en profesorado doutor interino daquelas persoas que en este momento se atopan contratadas baixo o programa de intensificación investigadora para os profesores axudantes doutores.

Lembra que a Universidade de Vigo puxo en marcha hai dous anos por primeira vez este programa de contratación de persoal postdoutoral cara a intensificación investigadora do profesorado axudante doutor (PIPXD) co obxectivo de manter a vinculación do profesorado axudante doutor, que ao remate do seu contrato non podía continuar diante das limitacións impostas pola taxa de reposición e as restricións da Consellería e do Ministerio de Facenda.

Dado que este ano, segundo a lei de orzamentos xerais do Estado, admítase a figura de profesorado contratado doutor interino, dispoñendo unha taxa adicional para convocar prazas de profesorado estable, interesa retomar o procedemento de transformación destas prazas PIPXD en CD interino.

Para o cal, indica a vicerreitora, as persoas interesadas que se atopen contratadas como PIPXD (15 persoas na actualidade) deben renunciar ao seu contrato actual e solicitar a transformación, así como aquelas que rematen o seu contrato como profesorado axudante doutor durante o curso 2017/18. A solicitude será presentada diante do seu departamento. Os departamentos, tras aprobalo en consello, remitirán as solicitudes á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado e será a COAP quen analizará as solicitudes e aprobará a transformación daquelas solicitudes que cumpran os requisitos esixidos.

Finaliza a vicerreitora indicando que este procedemento foi aprobado na reunión do 3 de outubro da COAP e debatido na mesa sindical a pasada semana e tamén foi presentado e explicado aos interesados, que están de acordo con esta transformación.

Subliña o reitor que se trata dun avance na liña de regularización da situación do profesorado e o somete á aprobación.

Apróbase por asentimento (**Anexo I**).

4. Aprobación, se procede, dos criterios para a elaboración da oferta de emprego público de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo para o ano 2017.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado. Esta informa de que tras a aprobación dos orzamentos do Estado en xuño de 2017, que fixan a taxa de reposición, e como resultado de todas as consultas realizadas ao Ministerio para saber como opera esta, elaborouse un documento que contén os criterios e o procedemento detallado para a elaboración da oferta de emprego público.

A continuación pasa a explicar o documento, que está na liña do informado no Consello de Goberno do mes de xullo. Indica que á Universidade de Vigo lle corresponden por taxa de reposición 22 prazas de profesorado permanente. Ademais, explica que a Lei de orzamentos xerais do Estado do presente ano 2017 contempla a posibilidade de dispoñer dunha taxa de reposición adicional para o 90% das prazas que, estando dotadas nos orzamentos, leven ocupadas ininterrompidamente desde o 31 de decembro de 2013. Nas conversas mantidas para determinar cantas de estas prazas podería computar, parece que 13 das prazas ocupadas interinamente entrarían neste cómputo, polo que 12 prazas poderían ser convocadas por esa taxa adicional, polo que serían 34 prazas que poderían ser convocadas. Destas, 3 necesariamente teñen que ser reservadas para persoal que rematara o programa Ramón y Cajal e dispoña da certificación I3. Das 31 restantes, propónse que 24 sexan prazas de Profesorado Contratado Doutor (PCD) ou Profesorado Titular de Universidade (PTU) nas áreas nas que existen prazas de PCD interino, cubrindo o total das persoas que están nesa situación e as prazas restantes se propoñen para o paso de CD á PTU.

Polo momento non se pode definir o número total de prazas de funcionario que serán convocadas, xa que depende da elección que realicen os candidatos e candidatas das convocatorias dos casos anteriores, pero que serán como mínimo as sete que saen directamente como PTU. A vicerreitora explica que a proposta que se presenta é convocar un número de prazas de Catedrática/o de Universidade (CU) idéntico ao total das prazas de Profesorado Titular de Universidade convocadas, ata un máximo de 22 (coincidente coas prazas por taxa de reposición). Engade a vicerreitora que todas as persoas teñen que solicitar a transformación a unha praza interina da que soliciten (CDI ou PTU interino), con excepción das persoas que xa ocupan interinamente esa praza. O profesorado CD permanente non precisa pasar a interinas son permanentes, polo que, ao igual que no caso das CU, non arriscan a súa praza. Continúa indicando que as prazas terán que ser ocupadas interinamente ata a resolución do concurso, e confía en que, unha vez baleirada a bolsa de interinos que, en ocasións, levaban anos nesa situación, poderíanse ir sacando as prazas que nos devolvan a unha senda de normalidade.

Intervén o reitor para engadir que, se houbo a seguridade de que se aprobaran os orzamentos do Estado do 2018, poderíase facer unha proxección para o ano próximo. Pero, dada a situación política actual, de momento non parece que se poida lograr. Destaca que a Universidade negociou coa Consellería e o Ministerio de Facenda que as figuras que non teñen o contrato formal de interinos foran considerados dentro da taxa de interinos. Lembra que foi a Xunta a que non autorizaba esta figura, polo que se viron abocados a figuras como a de intensificación investigadora, por imperativo legal. Destaca que a prioridade era acabar coa bolsa de interinos. Considera que o número de funcionarios poderá maximizarse, porque haberá un número importante de persoas que pasarán directamente a TU, permitindo o mesmo número de cátedras. Comenta que a Universidade de Vigo agardou ata o final para poder aproveitar as melloras que se sabía que se ían producir.

Abre o reitor unha quenda de preguntas, que inicia o profesor Álvarez Villamarín realizando unha valoración do proceso dos últimos anos, nos que grazas á política realizada conseguíuse

protexer a persoas que tiñan un risco alto de ter que abandonar a Universidade. Lembra que a institución respondeu cunha decisión que foi mal vista inicialmente, pero que finalmente foi efectiva, xa que nesta oferta de emprego público se ofertan tantas prazas como interinos. Emite unha valoración positiva, xa que a solvencia económica da Universidade permitiu levar a cabo estes procedementos. Finaliza, indicando que, como xa expuxera na COAP, a Universidade debería pensar que, para o futuro, as prazas de promoción son xeradas por persoas concretas pero son da Universidade. Polo tanto, ao realizar a oferta de emprego público podería ter en conta outras cuestións non só as persoais, como priorizar unha praza nun campus concreto. Subliña que os argumentos deben ser razoados e xustificados, non arbitrarios. Considera que estes argumentos se aplican a RPT do PAS, pero non se comprende tanto no caso do PDI. Reitera que debe empezar a considerarse para o futuro.

Intervén a continuación o profesor Collazo Fernández, que formula unha dúbida en relación coas sete prazas de titular de universidade que se convocarán e que quedan pendentes de aprobar os criterios nun Consello de Goberno posterior. Solicita que na elaboración de ditos criterios se teña en conta que hai persoas que, dende xuño de 2012 están pendentes da convocatoria destas prazas.

O profesor Bienvenido Diez, manifesta como representante sindical a súa posición radicalmente en contra da proposta formulada polo profesor Álvarez Villamarín, debate que xa se orixinara na COAP.

A profesora Fernández Prieto manifesta a súa comprensión diante da necesidade de estabilización do profesorado interino, pero tamén a súa preocupación porque o número de prazas para funcionarización é moi baixo, e tamén hai que entender o dereito do profesorado CD á acceder á titularidade; e pregunta se o ano que ven pasará o mesmo, xa que se frearía enormemente esta posibilidade.

Responde o reitor, que non será así, xa que con estes criterios se baleira a bolsa de interinos, e o próximo ano poderá continuarse a secuencia lóxica de todas as categorías. Reitera que esa situación podería verse mellorada se na lei de orzamentos do 2018 se aproban todos o que foi negociado, que incrementaría as prazas de funcionarios. Polo tanto, reitera, se estiveran aprobados os orzamentos poderíase realizar unha planificación conxunta que podería satisfacer a ambos colectivos, coa prioridade da estabilización, pero revelando de maneira clara a evolución das prazas.

Intervén novamente a profesora Fernández Prieto para indicar que con estes criterios hai áreas nas que saen dúas ou tres prazas para consolidar aos interinos, cando o ano pasado, só se permitía unha máxima por área no paso de CD a PTU.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado para responder ás cuestións formuladas. Comenta, en relación coa proposta do profesor Álvarez Villamarín, que é un debate que se pode levar a cabo a futuro, pero sempre coas debidas precaucións, xa que á Universidade tampouco lle interesa convocar prazas ás que non se presenten candidatos.

En relación cos criterios para a selección das áreas nas que se convocarán as prazas, explica que aínda non están comezados a elaborar nin a tratar, pero que a proposta inicial que saía do equipo será manter os mesmos criterios do ano anterior, pero cal será o resultado final tras o debate, non se pode saber.

Responde á decana da Facultade de Dereito subliñando que sempre se mantivo que todos os colectivos teñen dereito a ser atendidos. Explica que durante estes últimos anos destinouse unha parte das prazas para estabilización e outra parte a funcionarización. Pero este ano presentouse a extraordinaria posibilidade de acabar coa bolsa de persoas en risco, o que a curto prazo ese

efecto favorece a estas persoas, pero que abre a posibilidade de que no futuro, a partir de xaneiro, as prazas de taxa de reposición poidan ser empregadas tanto para as persoas que vaian rematando os seus contratos de axudante doutor como para funcionarización. Engade a vicerreitora que isto presenta dúas vantaxes: dunha parte, o que se poida conceder de taxa adicional e, por outra parte, que, a partir deste ano, as prazas de profesor CD que queden vacantes como consecuencia do acceso a unha de PTU poderán incluírse na taxa de reposición do curso seguinte. Polo tanto, nese escenario, e no caso de que estas persoas acaden a acreditación (lembra que neses momentos están paralizadas), o proceso de funcionarización estaría regularizado. Engade a vicerreitora que a Universidade seguirá pelexando para que ese paso dos CD a PTU non compute na taxa de reposición, xa que non ten custo, nin ocasiona ningún prexuízo orzamentario.

Conclúe o reitor lembrando que a imposición legislativa da Xunta de Galicia complicou extraordinariamente a situación do persoal. Na Universidade de Vigo conseguiu-se que o profesorado axudante doutor que remataba contrato non tivese que abandonar a Universidade, como aconteceu noutras. Noutras comunidades autónomas realizáronse outras actuacións, porque non fixeron a consulta ao Ministerio. Reitera que pouco a pouco a situación vaise regularizando, e seguiremos loitando polas melloras, primando a defensa do persoal que está nunha situación de maior indefensión. Comprende os sacrificios que realizan os colectivos que desexan promocionar, pero a súa situación é estable, e, aínda que se mantén a taxa de reposición, os números van mellorando e poderemos ir acurtando o tempo de espera para a funcionarización.

Apróbase por asentimento (**Anexo II**).

5. Aprobación, se procede, do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, para a constitución dun Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG).

O reitor introduce este punto recordando que este Consorcio é un instrumento cuxa creación impón a Lei do Sistema Universitario de Galicia e que as negociacións foron longas, xa que a Xunta non quería participar de dito consorcio, pero a través da designación do reitor como comisionado das universidades do SUG, convenceuse ao presidente da Xunta de que a falta de participación suporía un abandono da súa competencia de organización universitaria; que ten esas competencias e é quen debe habilitar as necesidades que o consorcio precisa.

Este consorcio, ademais de unificar nunha mesma entidade os consorcios xa existentes, unificará todas as necesidades e actividades a desenvolver no contexto interuniversitario. Constituirá un instrumento que actúe como acceso único aos títulos interuniversitarios, tanto de doutoramento como mestrado. Ao igual que se fixo coa CIUG e o acceso á universidade, finaliza o reitor, haberá que decidir en cada universidade a cesión de soberanía que se realiza para a xestión de distintos temas.

A continuación cede a palabra á secretaria xeral para a presentación do convenio que se presenta para a súa aprobación.

A secretaria xeral realiza unha introdución, na que expón a vontade de coordinación entre as tres universidades do SUG plasmada na creación de entidades como o Consorcio de Bibliotecas de Galicia (Bugalicia), creado en 2001, o CIXUG (para o desenvolvemento de aplicacións de Xestión Universitaria), creado en 2006 entre USC e UdC e ao que nos incorporamos en 2009, e a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), órgano que se encarga de coordinar e xestionar

os procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias no SUG. Explica que as tres universidades viñan valorando a posibilidade de constituír un consorcio que unira estas entidades e potenciara a colaboración entre as universidades. A aprobación da Lei 6/2013 do Sistema Universitario de Galicia impuxo a constitución de dito consorcio, establecendo un prazo dun ano dende a entrada en vigor da lei para a súa posta en funcionamento, prazo que, engade a secretaria xeral, foi incumprido porque as negociacións foron lentas, e a entrada en vigor de outras normativas, como en especial, as leis 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público dificultaron o camiño.

Explica que os documentos que se presentan son o resultado do consenso entre as tres universidades do SUG, acadado a través da negociación entre as secretarías xerais e as xerencias das mesmas e a Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Facenda e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Estes documentos, indica, deberán ser aprobados polos consellos de goberno e consellos sociais das tres universidades e o Consello da Xunta antes da súa sinatura.

A continuación pasa a presentar os dous documentos que se axuntan a acta: a proposta de convenio polo que se acorda a creación do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG), e a proposta de Estatutos, realizando un resumo dos seus puntos máis importantes.

Finalizada a exposición, o reitor abre unha rolda de intervencións, que inicia Paula Rivera indicando que non queda clara a representación das universidades; e formula a súa preocupación porque, novamente, se vaia deixar fora aos estudantes destes órganos que en realidade regulan a comunidade universitaria. Pregunta quen van ser os tres representantes da Universidade.

Explica o reitor que o consorcio é un órgano de xestión, polo que a representación que se indica nos estatutos está relacionada coas persoas que teñen capacidade de goberno en cada universidade, así, na Xunta de Goberno, que é órgano de máximo nivel, están representados os reitores. Os representantes nos outros órganos do consorcio serán vicerreitores ou vicerreitoras, e serán decididos en función da actuación correspondente e da distribución que cada unha das universidades teña das súas competencias. Insiste o reitor que se trata dun ente instrumental.

Engade a secretaria xeral que este tema foi tratado tamén nas xuntanzas de negociación. Subliña que as decisións deben ser tomadas en cada unha das universidades nos órganos de goberno, nos que existe representatividade de cada sector. Esa vontade da universidade se traslada aos seus representantes no consorcio para que alí se execute.

Apróbase por asentimento (**Anexo III**).

6. Aprobación, se procede, de modificacións ó Regulamento de mobilidade internacional da Universidade de Vigo, aprobado no Consello de Goberno o 7 de maio de 2013.

Cede o reitor a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, quen indica que, en base da experiencia acadada dende a entrada en vigor do regulamento actual, verificouse que son necesarias algunhas modificacións, fundamentalmente técnicas, para adaptarnos á realidade actual da Universidade e tamén para dar acubillo a novas modalidades de mobilidade e novas oportunidades que ofrece a Universidade de Vigo neste eido.

Explica o vicerreitor que no documento que se achegou coa convocatoria figuran as modificacións realizadas sobre o texto do regulamento actualmente en vigor, como a eliminación de disposicións transitorias, que xa non son de aplicación trala extinción das

titulacións LRU e a completa implantación das correspondentes ao modelo Bolonia, e a adaptación de parte do articulado á nova estrutura resultante da aprobación da RPT. Pero tamén se realiza unha modificación para facilitar a incorporación de alumnado estranxeiro extracomunitario, garantindo que os seus coñecementos de idioma galego ou castelán son os acaídos para cursar estudos na Universidade de Vigo, coa creación da nova figura de estudante internacional de curso cero.

Engade o vicerreitor que nesta proposta de regulamento tamén se confire á EIDO a xestión da mobilidade internacional do estudiantado de doutoramento e se corríxen algúns aspectos menores de redacción. Finaliza indicando que este regulamento non supón un cambio fundamental con respecto ao anterior en canto a filosofía ou as súas bases, pero permite dotarnos dun articulado máis áxil e dar resposta á situación que vive a universidade actualmente.

Apróbase por asentimento (**Anexo IV**).

7. Aprobación, se procede, do Protocolo para o desenvolvemento do Programa de soporte á xestión económica de grupos de investigación – Período 2018-2021.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia para a presentación deste punto.

A vicerreitora realiza unha presentación da proposta de Protocolo, lembrando que a primeira vez que a Universidade de Vigo estableceu a posibilidade de que os grupos de investigación subscribisen contratos□programa, podendo estes recibir financiamento de diversas fontes e ter unha duración máxima de 3 anos prorrogables, foi no 2010. Tres anos despois, avanzouse nesta iniciativa implantándose os Programas de Soporte á xestión económica de grupos de investigación (denominados programas□soporte), que permitiron consolidar e mellorar a xestión económica da actividade investigadora destes grupos.

Expón que, transcorridos catro anos dende a implantación dos programas□soporte e habéndose probado a utilidade desta ferramenta para o desenvolvemento da actividade do persoal investigador da Universidade de Vigo, preséntase este Protocolo para o desenvolvemento do Programa de soporte á xestión económica de grupos de investigación, que supón unha revisión, co obxecto de darlle continuidade durante catro anos (período 2018□2021) e mellorar no posible o seu funcionamento. Trátase dunha proposta que mantén as pautas fundamentais do Protocolo que está vixente na actualidade, di a vicerreitora.

Enumera a vicerreitora os distintos epígrafes que contén a proposta de Protocolo. Explica que se introduce unha disposición transitoria que se refire aos programas-soporte vixentes na actualidade e con data de finalización en decembro 2017, coa finalidade de facer posible a súa continuidade a partir de 2018 en condicións similares ás actuais.

Finaliza a vicerreitora indicando que esta proposta de Protocolo foi aprobada por unanimidade na sesión de 2 de outubro pola Comisión de Investigación.

Non se formulan cuestións e apróbase por asentimento (**Anexo V**).

8. Aprobación, se procede, da categorización, a efectos da actividade de investigación e transferencia, do persoal investigador doutor contratado por outros organismos de investigación e adscrito á Universidade de Vigo mediante convenios.

Cede novamente a palabra o reitor á vicerreitora de Investigación e Transferencia.

Explica a vicerreitora que as modalidades de contratación de persoal investigador contempladas na Lei da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, xunto co impulso da colaboración entre organismos e o fomento da mobilidade do persoal investigador, fan que xurda a posibilidade de que persoal investigador contratado por determinados organismos de investigación sexa adscrito a outros organismos diferentes, nos que desenvolverá a tempo completo o seu labor investigador, formalizándose dita adscrición a través dun convenio entre institucións. Este é o caso, prosegue a vicerreitora, do persoal investigador contratado no marco do programa Oportunus da Xunta de Galicia, que ten relación contractual coa Axencia Galega de Innovación (GAIN), pero é adscrito ás universidades do SUG.

Continúa expoñendo que, para que estas persoas que, en xeral, son doutores ou doutoras con alto nivel de excelencia curricular, poidan levar a cabo a súa actividade de investigación e de transferencia na nosa universidade nas mesmas condicións que o resto de persoal investigador, tanto no relativo aos trámites burocráticos internos (p.e. acceso a aplicacións informáticas de xestión) como na participación en grupos de investigación, ou en proxectos e actividades contratadas de I+D, é convinte que se defina a súa equiparación a unha categoría de contratación existente na Universidade de Vigo.

Aclara a vicerreitora que esta categorización, tería efectos exclusivamente no relativo á actividade de I+D+i deste persoal, sen ningunha obriga nin compromiso da universidade noutros aspectos.

A continuación dá lectura á proposta de acordo que se presenta diante do Consello de Goberno para a súa aprobación e que se anexa a esta acta.

Co obxecto de que o persoal investigador doutor contratado por outros organismos de investigación e adscrito a tempo completo á Universidade de Vigo mediante convenios de adscrición poida desenvolver unha actividade investigadora normalizada no seo da universidade, podendo realizar trámites administrativos, formar parte de grupos de investigación, ou participar en contratos de I+D amparados polo artigo 83 da L.O.U. ou convocatorias públicas ou privadas de axudas á investigación, sempre que a correspondente convocatoria o permita, este persoal será considerado cos mesmos dereitos e obrigas que o persoal investigador propio do Grupo II –Profesorado contratado doutor, referíndose esta consideración específica e unicamente á súa actividade de investigación e transferencia.

Conclúe o reitor que se trata dun acordo que permitirá poñer solución a unha situación que confiamos se dea reiteradamente no futuro.

Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da derogación normativa relativa ás titulacións LRU.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantes, quen expón que conforme ao Real decreto 1393/2007, o pasado 30 de setembro produciuse a extinción definitiva das titulacións LRU das titulacións de Licenciado, Diplomado, Arquitecto, Enxeñeiro, Arquitecto Técnico e Enxeñeiro Técnico. O Servizo de Xestión de Estudos de Grao, co obxectivo de evitar posibles confusións entre o alumnado que cursa estudos nas titulacións de Grao e Máster, realiza a proposta de derogar expresamente normativas da Universidade de Vigo que regulaban os estudos universitarios oficiais regulados polas anteriores ordenacións. A vicerreitora indica que as normativas afectadas serían a

- Normativa de xestión académica, aprobada en Consello de Goberno o 28 de maio de 2001, e as súas modificacións posteriores.

- Normativa de permanencia na Universidade de Vigo, aprobada polo Consello Social o 13 de xuño de 2001, e as súas modificacións posteriores.

Seguirán vixentes os artigos relativos á avaliación curricular, xa que se considera conveniente, explica a vicerreitora, establecer un período de dous cursos (17/18 e 18/19) para calquera estudante que puidera realizar unha solicitude de avaliación curricular que, de ser estimada, lle permitira a finalización destes estudos.

Non se formula ningunha cuestión ao respecto e apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, do Regulamento de transparencia e acceso á información pública da Universidade de Vigo.

Explica o reitor que para a presentación deste punto, invitouse a participar a Rosa Graña, anterior Coordinadora da Unidade de Análises e Programas, auténtica artífice do borrador de Regulamento, para que sexa ela a que realice a presentación.

Para levar a cabo dita exposición, Rosa Graña fai uso dunha presentación ppt, que se engade á presente acta (**Anexo VI**). Explica que con este Regulamento de transparencia preténdense transpoñer basicamente tres normativas, fundamentalmente, a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de rango estatal, e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (de ámbito autonómico), así como a Lei 18/2015, de 9 de xullo, pola que se modifica a Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.

Expón que os obxectivos do regulamento, compartidos con esas leis, son basicamente aumentar a transparencia da actividade pública a través das obrigas de publicidade activa, facilitar o acceso á información pública a toda a cidadanía e garantir o cumprimento das leis anteriores en relación á altos cargos e aos principios de bo goberno na Universidade de Vigo e, sobre todo, adaptar os procedementos e normas que aparecen nesas leis ás estruturas propias da Universidade. Continúa explicando que o regulamento está artellado en seis capítulos, que pasa a enumerar, destacando os catro centrais (Capítulo II. Publicidade activa; Capítulo III. Reutilización da información; Capítulo IV. Dereito de acceso á información pública; Capítulo V. Bo goberno e goberno aberto) que son a base fundamental do documento.

A continuación salienta os artigos máis importantes de ditos capítulos. No que respecta ás obrigas de publicidade activa, se recolle o Portal de Transparencia da UVigo que xa está funcionando como tal dende hai tempo, con todos os principios establecidos polas leis de Transparencia; publicáronse todas as obrigas establecidas en relación con diversos ámbitos da universidade, así como outra información indicada polo director da Área de Calidade (requirimentos de información pública que aparecen no Sistema de Acreditación de Titulacións como no Sistema de Garantía Interna de Centros) e do comisionado de Plans Estratéxicos (ránkings de transparencia). Explica que esta información, que xa estaba sendo publicada porque a Universidade a consideraba relevante, foi incluída no regulamento para garantir a súa consolidación.

En relación ao capítulo de Reutilización da información, indica que se plasman os aspectos básicos da Lei, xa que estamos obrigados a cumprila na súa totalidade. Subliña que, a pesar de que a disposición transitoria establece a publicación do Portal de datos abertos no prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste Regulamento, a Unidade de Estudos e Programas xa dispón dun extenso catálogo de datos para a súa publicación de xeito inmediato.

Con respecto ao dereito ao acceso á información pública, o máis salientable é o establecemento do procedemento de acceso á información, específico para esta Universidade, xa que as normas estatais e autonómica o formulan para as súas propias estruturas, atribuíndo a competencia de resolución das solicitudes de acceso, á Secretaría Xeral, o que xa foi recollido na última modificación de Delegación de Competencias. Estableceuse tamén, continúa a Sra. Graña, que o órgano competente para a resolución das reclamacións que se presenten por denegación de información é a Comisión de Transparencia de Galicia, presidida pola valedora do Pobo.

Continúa detallando o máis importante do Capítulo V, Bo goberno e goberno aberto, no que se aplican os principios de bo goberno da Lei 19/2013 aos altos cargos e cargos unipersoais de carácter xeral da universidade, seguindo o exemplo dalgúns universidades que comezan a levalo a cabo; adáptanse as obrigas dos altos cargos que recollen as normativas ao caso concreto da universidade e se regula o rexistro de actividades e de bens patrimoniais e se modifica o código ético da Xunta de Galiza á nosa institución, deixando aberta a posibilidade de establecer un código específico. Finalmente, engade, establécense os mecanismos de coordinación e control, definindo responsabilidades e, por analogía coas leis estatal e galega, establécense a presentación dun informe de cumprimento anual diante do Claustro, tamén en previsión de que a Comisión de Transparencia de Galicia inclúa a nosa actividade neste eido no seu informe de transparencia, que presenta ao parlamento de Galicia. Rosa Graña remata a súa exposición mencionando o Réxime sancionador recollido no borrador do Regulamento.

O reitor agradece a Rosa Graña o labor realizado, así como a presentación do Regulamento, e ao non haber ningunha intervención ao respecto, apróbase por asentimento (**Anexo VII**).

11. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen explica que se presenta á consideración do Consello de Goberno o regulamento de réxime interno elaborado pola Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, en base á competencia que lle atribúe o artigo 43 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Indica que a proposta de regulamento foi aprobado inicialmente na Xunta de Escola celebrada o 21 de xullo de 2017, e remitido a Secretaría Xeral. Para a súa valoración, como é habitual, foi solicitado un informe á Asesoría Xurídica, quen formulou tres sinalamentos para realizar modificacións de orde menor no texto. Unha vez realizados os cambios segundo o indicado no informe, e habendo sido aprobada a nova versión en Xunta de Escola o 18 de setembro de 2017, propónse a súa aprobación.

Apróbase por asentimento (**Anexo VIII**).

12. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición presentado por María Victoria Verdugo Matés contra o acordo do Consello de Goberno polo que se aproba o POD para o curso 2017/2018, correspondente ao Dpto. de Economía Aplicada.

Explica o reitor que foron invitadas a participar neste punto da sesión do CG, con voz pero sen voto, tanto a profesora recorrente (que non pode asistir por motivos de saúde) como a directora do Departamento de Economía Aplicada, Dolores Garza Gil. Cede o reitor novamente a palabra á secretaria xeral para a presentación do punto.

A secretaria realiza un resumo, tanto do recurso presentado como do informe solicitado á Asesoría Xurídica, para dar apoio xurídico ao acordo que ao respecto debe tomar o Consello de Goberno, que foron achegados coa documentación aos membros do Consello de Goberno, e se achegan como anexos a esta acta (**Anexo IX**).

Explica que o POD do Departamento de Economía Aplicada para o curso 2017/2018 foi aprobado na sesión ordinaria do Consello do día 28 de abril de 2017, e posteriormente pola COAP o 12 de maio de 2017. O día 5 de xuño, a profesora María Victoria Verdugo Matés interpuxo recurso de reposición contra o acordo do POD do Departamento de Economía Aplicada. No seu recurso, sinala que o 25 de abril presentara unha petición concreta de docencia, atendendo a criterios de categoría e antigüidade, e que a proposta inicial do departamento, do día 26, non accedía a dita petición. O mesmo día, a recorrente presentou un escrito argumentando que non se atendera á orde de prelación, que se lle asignara unha carga superior á que se lle indicara inicialmente e a imposibilidade de atender 3 sesións de prácticas por solapamento de horarios. No seu propio recurso, continúa a secretaria xeral, a profesora manifesta que a súa solicitude foi atendida parcialmente, modificándose a carga horaria e a solucionando a incompatibilidade, pero non se admitiu a petición de docencia, polo que na sesión do Consello de Departamento de 28 de abril presentou un novo escrito, reiterando a súa solicitude, pero o Consello non a tivo en conta e aprobou a proposta de POD, co seu voto particular en contra. Tamén sinala a profesora como motivo de impugnación o feito de que non recibiu resposta motivada á denegación das solicitudes presentadas nos seus escritos de día 26 e 28.

Por todo o exposto, a profesora solicita: a anulación do acordo, a asignación da docencia solicitada, por ser conforme aos criterios de xerarquía e categoría nos corpos docentes, e dentro de cada un deles, o de antigüidade e a retroacción do procedemento aos efectos de que o departamento de Economía Aplicada procedese a reunirse de novo para a aprobación da proposta do POD para o curso académico 2017/2018.

Continúa a secretaria xeral resumindo o informe da Asesoría Xurídica, que destaca que o artigo 95.2 da Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia establece que na elección de materias atenderase preferentemente á especialización docente de cada profesor ou profesora e na elección de horarios de impartición das materias terá preferencia o profesorado de maior categoría académica, e no caso de igualdade, o de maior antigüidade nesta, todo isto sen prexuízo das medidas de conciliación da vida familiar e laboral previstas na lei.

En relación a este criterio, da acta do Consello de Departamento de Economía Aplicada do día 28 de abril e do informe emitido pola directora e a secretaria do Departamento, dérivase que na definición do POD emprégase En primeiro lugar, como criterio preferente: a racionalidade académica e especialidade docente do PDI en “caixas” ou unidades docentes tal e como se recolle na Acta de Consello de Departamento de 28/04/2017, aprobada en reunión ordinaria do Consello de 21/06/2017, que recolle a especialización escollida é clásica nas Facultades de Economía e ven sendo utilizadas neste Departamento dende os seus inicios. En segundo lugar, aplican un criterio de equidade: tratando de acadar unha distribución de carga o mais homoxénea posible entre as distintas unidades docentes ". Polo tanto, subliña a secretaria xeral, Asesoría Xurídica entende que este acordo está xustificado e amparado pola lei 6/2013

Respecto aos criterios de xerarquía, categoría e antigüidade reclamados pola recorrente, o informe remítese ao contido recollido na acta, que se confirma no informe da directora. Segundo o que figura nela, a elección de materias nesa unidade docente realizouse seguindo o criterio de categoría e antigüidade. Como consecuencia, a profesora María Victoria Verdugo elixiu docencia en primeiro lugar, comunicando a súa elección o 20 de Abril (250 horas, repartidas

entre Econometría do dobre grao e Econometría do grao en ADE), procedendo a elixir docencia os demais profesores o día seguinte.

Posteriormente, o día 24, nunha reunión para corroborar as asignacións unidade docente de Econometría, a profesora Verdugo informou de que tería horarios moi axustados e un problema solapamento en dúas sesións. A continuación tivo lugar unha discusión sobre a organización docente da materia Economía Española en Relacións Laborais. Como consecuencia da cal a profesora informa de que non está de acordo co reparto e comunicou ao día seguinte a súa nova elección de materias. Os outros docentes da unidade negáronse a volver a elixir, posto que xa había un acordo previo. Como consecuencia desta situación a coordinadora desa unidade docente, pon a disposición do grupo o seu cargo.

Tras escoitar a tódalas partes da unidade docente de Econometría, a dirección presentou ao Consello de Departamento unha proposta na que se incorporou a maior parte da solicitude da profesora Verdugo Matés, presentada por escrito despois da súa primeira elección, agás a partición dun dos grupos de docencia, dados os problemas de coordinación acaecidos en cursos pasados ante unha opción similar.

Finaliza a exposición a secretaria xeral, indicando que, sobre a base de todo o exposto, a Asesoría Xurídica considera que na unidade de Econometría, á que pertence a reclamante, aplicáronse os criterios de categoría e antigüidade, xa que foi a reclamante a primeira en elixir. En consecuencia, a asignación realizouse consonte aos criterios normativos, polo que propón a desestimación do recurso, proposta que se presenta diante do Consello de Goberno para a súa consideración.

O reitor cede inicialmente a palabra á directora do Departamento, Dolores Garza Gil, por se desexa intervir. A directora declina o ofrecemento, á espera de posibles preguntas ou intervencións dos membros do Consello de Goberno, xa que a exposición dos feitos foi suficientemente clara.

A continuación solicita intervir o profesor Bienvenido Diez, quen, no seu papel de representante sindical do PDI, foi contactado pola profesora recorrente, María Victoria Verdugo Matés, para que traslade a súa reclamación, xa que ela non pode estar presente. Refire que dita profesora insiste en que non foron respectados os seus dereitos por categoría e antigüidade na elección de docencia e, polo tanto, reitera que non foi atendida a súa solicitude. Engade o profesor Diez que os puntos de vista defendidos por ambas partes son moi diferentes, e que el é coñecedor de anteriores discrepancias e enfrontamentos neste departamento, que derivaron en recursos na vía contencioso administrativa, polo que estima que pode existir unha situación enquistada que podería ser resolta a través dun sistema de mediación.

A continuación intervéñen a directora do Departamento de Economía Aplicada, resumindo novamente o procedemento de elaboración do POD no Campus de Vigo. Explica que empregan un dobre criterio: a través da creación de unidades docentes nas que recollen a especialización do profesorado, en base a la traxectoria docente nos últimos anos, e a distribución homoxénea da carga docente entre os docentes e as diferentes unidades docentes. No caso da Unidade de Econometría, á que pertence a profesora Verdugo Matés, acordouse empregar un criterio adicional de categoría e antigüidade, precisamente porque existe ese conflito, que derivou nun recurso presentado hai uns anos. Como consecuencia dese criterio e, dado que case todos os profesores desa unidade son da mesma categoría, a elección realizouse en base á antigüidade, polo que a profesora Verdugo Matés escolleu en primeiro lugar, e posteriormente os demais e elaborouse unha proposta. Unha vez examinado o resultado de dita proposta, continúa a directora, a profesora amosou o seu desacordo co reparto e quixo iniciar o proceso de novo, pero os outros profesores se opuxeron e trasladaron o problema á dirección. Dado que finalizaba o

prazo interno para a elaboración do POD, a dirección acordou manter a proposta elaborada, pero xa que inicialmente escollera horas de máis, reduciron un pouco a carga docente da profesora atendendo ao criterio de equidade no reparto. Pero, subliña, a profesora Verdugo Matés escolleu en primeiro lugar, como se recolle na acta que foi aprobada no consello de departamento respectivo.

O reitor remarca que, con independencia das situacións de enfrontamento que poidan existir nun departamento, neste Consello de Goberno debemos cinguirnos aos feitos. E neste caso, os feitos son que aplicaron os procedementos establecidos e que, segundo o informe da Asesoría Xurídica, estes procedementos cumpren coa normativa vixente. Polo que a proposta que se somete a votación, conclúe, é a desestimación do recurso.

Os representantes do estudantado: Paula Rivero e Óscar Moldes e os representantes do PAS, Xoan Cebro, Luis Pérez Gómez e Carlos Mollinedo manifestan a súa abstención.

Apróbase por asentimento.

13. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: *Co-operation framework agreement between The Universidade de Vigo and Hanoi University of Science and Technology – Specific agreement between the Universidade de Vigo and Hanoi University of Science and Technology (Vietnam) for students exchange – Co-operation framework agreement between the Universidade de Vigo and Vietnam National University of Agriculture – Specific agreement between the Universidade de Vigo and Vietnam National University of Agriculture for students exchange – Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo, a Universidade da Coruña e a Universidad de las Islas Baleares para a realización de prácticas de alumnos/as do Master universitario en Bioloxía Mariña – Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo, a Universidade da Coruña e Pradoc S.A. (colexio Los Sauces, Mos) para a realización de prácticas de alumnos/as do Máster interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Peruana de Ciencias Aplicadas – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Peruana de Ciencias Aplicadas para o intercambio de estudantes – Co-Operation framework agreement between The Universidade de Vigo and Ho Chi Minh City University of Technology (HCMUT) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad de Puerto Rico, Recinto de Río Piedras.*

Apróbanse por asentimento.

14. Rogos e preguntas.

Ábrese unha rolda de intervencións que inicia Óscar Moldes. O representante do estudantado expón que neste curso se aplicou unha redución de horas de docencia, con respecto ao que se solicitara, polo que se reduciron os grupos A e B en Enxeñaría de Telecomunicacións. Manifesta a súa preocupación, porque hai grupos B, grupos reducidos nos que a media de alumnos é de 40, son demasiado numerosos para impartir a docencia axeitadamente.

Responde a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado indicando que non se produciu unha redución de horas docentes, de xeito xeral. De feito, engade, realizouse a PDA cos mesmos criterios que o ano pasado, pero podería ser que mudara o número de alumnos. Indica que non ten comunicación de que exista nese centro, neste momento, ningún grupo B

desa dimensión. Aclara que moi recentemente incrementouse o número de grupos, a raíz da comunicación do director do aumento de alumnos nunha materia con respecto ao ano pasado. Subliña que se realizaron os cambios solicitados, polo que non hai constancia desa situación. Finaliza explicando que, cando hai unha modificación sobre as estimacións iniciais de número de alumnos e se require un incremento no número de grupos, non hai problema, realízase de xeito inmediato, pero sempre debe haber unha comunicación oficial por parte da dirección do centro.

Intervén a continuación Xoan Cebro realizando unha pregunta e posteriormente unha reflexión. Explica que mantiveron dúas reunións na mesa de negociación, unha en xullo e outra neste mes, en relación coas promocións internas. A pregunta, dirixida ao reitor e ao xerente, é se van executar este ano as promocións internas que veñen recollidas na RPT. Relaciona as promocións: do grupo C2 a C1, significando o cen por cen, de C1 a A2: as prazas que veñen contempladas, e finalmente, as promocións de A2 a A1. Di que na mesa de negociación o xerente dixo que si, polo que reitera a pregunta de se mantén o compromiso de cumprir ditas promocións internas. Subliña que a que máis importa ao colectivo é a do grupo C2 a C1, pero tamén as de C1 a A2, lembra que quedan prazas vacantes en xefaturas de seccións de servizos moi importantes, como o de investigación, que están causando problemas de xestión á Universidade, polo que tamén esas son urxentes para a institución e para os traballadores.

En canto á reflexión, di que non vai falar da RPT, xa que están nos xulgados nº 1 e 2 e será o xuíz quen ditamine. Reitera o seu convencemento de que lles dará a razón, xa que hai un incumprimento do artigo 119.2 dos Estatutos e un defecto de forma que ten que ver coa garantía das condicións económicas e administrativos de cada praza afectada, que tira a RPT. Considera o Sr. Cebro que o equipo reitoral debe facer unha reflexión, como xa llo dixo ao xerente en xullo, xa que esta situación afecta a todos. Di que está habendo moi mal ambiente entre o PAS, por exemplo, en Ourense. Di que sendo conscientes de que concursaba o 80% do PAS funcionario, que cambiaba de posto de traballo, non se pode facer esa mobilización de golpe, e que a lei permitía, como se fixo no ano 96, un período de tres meses antes da toma de posesión, para facer esa transición de xeito gradual. Engade que coincidiu con convocatorias do PDI, convocatorias en grao, posgrao, doutoramento, problemas de rexistro en Torrecedeira, e o persoal estaba sen formar, o que afecta á imaxe da Universidade e do funcionariado en xeral. Insiste en que podíase ter realizado dunha maneira máis progresiva. Continúa indicando que algúns servizos están desbordados de traballo e noutros nos que non hai nada que facer.

Prosegue o Sr. Cebro denunciando o caso dunha compañeira, funcionaria interina, que o chamou para contarlle o seu caso. Foi despedida o 28 xuño, sen poder desfrutar de 15 días de vacacións. Como consecuencia, eses días tíñanllos que pagar, e o xerente enviou un escrito aos administradores para que se abonara, pero en nóminas lle dixeron que non aparecía e a traballadora refire que faltándolle ese papel non podía cobrar o paro. Menciona casos de contratos rescindidos e de persoal afectado.

Intervén o reitor para indicarlle que no medio das súas reflexións sobre a execución da RPT está lanzando unhas acusacións que deberán ser probadas. Son casos puntuais, dos que non tiña noticia e insiste en que no caso de que se producira un erro na actuación da Institución, debe comunicarse oficialmente e reclamarse, para que sexa investigado e probado. Pero non lanzalos de xeito que se transmite unha imaxe negativa da Universidade. Unha Institución, continúa o reitor, sería e eficaz grazas aos seus traballadores. Solicítalle que concrete a súa intervención, en canto á pregunta formulada sobre o estado de execución, a contestará o xerente. E reitera que os casos apuntados deben substanciarse en reclamacións concretas, non nunha valoración.

O xerente quere amosar un punto de vista distinto ao do Sr. Cebro na súa resposta, para o coñecemento dos membros do Consello de Goberno. Explica que non só se levaron a cabo dúas reunións, senón que se celebraron nove dende o mes de xullo a setembro; e agradece ao Sr. Cebro e aos demais representantes dos traballadores a súa participación, xa que é moi importante retomar a normalidade do proceso negociador e poder falar acerca dos distintos temas que se están a abordar: OPE, funcionarización e demais. En relación coa pregunta formulada, de se vai haber promoción interna C2-C1, di o xerente que, en efecto, el a respondeu verbalmente, como está recollido nunha acta que está asinada por ambos e polos demais representantes, e publicada na páxina web. Polo que, considera que a intención da pregunta é reiterativa, no senso de que xa está comunicada e trasladada a través da web á comunidade universitaria.

Con respecto das reflexións realizadas, en primeiro lugar, manifesta total respecto da Institución polas decisións xudiciais que se acatarán, coma sempre, e aplicaranse cando haxa que facelo. E lembra que os xulgados nº 1 e 2 están xa tomando algunhas decisións, que son coñecidas e non corresponde tratar aquí.

Continúa o xerente referíndose ao comentario relativo ao mal ambiente; di que, evidentemente, depende de con quen se fale. Explica que vai tódolos días aos campus, ámbitos e servizos, e percibe a realidade. Lembra que, en efecto, se produciu un concurso de traslados despois de nove ou dez anos, o que non é normal nin desexable, xa que o habitual en calquera administración sería que se realizase cada dous ou tres anos. Como consecuencia, coincide en que se moveron de posto de traballo o oitenta e cinco por cento das persoas, pero o fixeron polo seu propio interese, para mellorar profesionalmente e porque lles ofrece unha posibilidade de mudar de actividade e de espazos. Polo que, indica o xerente, a el lle transmiten a súa satisfacción. Recoñece que un movemento tan extenso de persoal produciu desaxustes, pero estanse solucionando grazas á profesionalidade do persoal da Universidade de Vigo, tanto funcionario como laboral, que están facendo esforzos para que os desaxustes sexan os menores para o usuario. Está claro, continúa o xerente, que algúns compañeiros se moveron a postos para os que non tiñan todo o coñecemento ou a práctica necesaria, pero se está a facer todo o posible para gañar eficiencia, de aí que se desenvolvan programas de formación específicos. Destaca o xerente que é evidente que hai vontade moi importante para mellorar, polo que recoñece e agradece publicamente o esforzo realizado.

Referíndose xa á funcionaria interina, cuxo caso foi comentado, di que algunha incidencia se pode producir, pero ata onde ten coñecemento, respectándose os procedementos establecidos polo Servizo de Retribucións e pola propia Xerencia, estase a aboar a todas as persoas as vacacións que lle correspondían. Afirmo que non ten coñecemento de ningún caso no que non se fixera o aboo, ou non estea en trámites de ser aboado, polo que solicita que de coñecer o Sr. Cebro algún caso, o comunique. En calquera caso, continúa, para solucionar as tres incidencias que se produciron no seu momento, a Xerencia xa deu instrucións no mes de abril-maio do xeito de proceder, solicitando un informe responsable, para explicar o acontecido e unha vez recibido, realizouse a tramitación correspondente nos tres casos.

Para finalizar, indica o xerente que, ata onde el sabe, estanse aplicando estritamente os criterios de xestión, tanto de cesamento como de xestión de listas de agarda, que foran asinados cos representantes e publicados no DOG, pero no caso de que houberse algún traballador que fora cesado sen corresponderlle, debe presentar a oportuna reclamación ou denuncia. Pero a día de hoxe, non se presentou ningunha neste sentido. Hai una serie de persoas que acudiron ao xulgado en defensa dos seus intereses, e xa se verá cal é a resolución, pero ningunha acudiu por un cese que non correspondía.

O reitor cede a palabra ao profesor Íñigo Cuíñas, quen traslada que a Escola de Enx. de Telecomunicación solicita a revisión da sinalética da circunvalación do Campus, xa que nestes momentos non hai acceso teórico á dita escola (non está indicado), en cambio a entrada está sinalada erroneamente como Escola Técnica Superior de Minas. Di que, tras falar co vicerreitor de Economía e Planificación, sabe que se está en marcha a modificación, pero desexa que conste en acta a solicitude.

O vicerreitor refire que tras moitos anos intentouse abordar unha sinalización en todo o Campus, e así se realizou, aínda que en varios casos se detectaron erros. Explica que os técnicos que deseñaron o conxunto da sinalética aplicaron o criterio de sinalizar o acceso aos centros por unha única vía, o que demostrou ser un erro, non só no caso de Teleco. Indica que xa se está en proceso de rectificación; o investimento xa está feito e confía en que se retrase pouco tempo, e o resultado sexa máis acaído.

Intervén a continuación o profesor Álvarez Villamarín, quen quería facer unha reflexión en relación coa RPT cara á futuro. Unha vez executada, aínda que pendente dunha decisión xudicial, pregunta se hai previsión de estudar a dotación de persoal para áreas que están infradotadas ou outros que se desenvolven en situacións laborais de baixa estabilidade. Pon como exemplo os servizos informáticos de atención ao usuario, aulas informáticas, plataforma de teledocencia etc., que están cubertos nunha porcentaxe moi alta con bolseiros. Menciona tamén as dificultades que teñen os centros para elaborar os datos que son requiridos para os procedementos de calidade, que son cada vez maiores. Refire que dende diversos centros lle comentan a existencia de problemas en relación coas limitacións de este persoal, e considera que habería que facer un estudo en relación con este tema. Di que é consciente de que, neste momento, as restricións á contratación e as limitacións de cadros de persoal están aí, pero insiste en que no futuro habería que contemplalo e reflexionar ao respecto.

Responde o reitor que se puxo en marcha un proceso de elaboración e execución de RPT despois de moitos anos, con moitos cambios, pola falta de promoción e creación de postos de traballo para o PAS. Non se negan as incomodidades que aos usuarios causan os tempos e períodos de axustes. Considera que esta reflexión é razoable e aproveita para reiterar que no caso anterior, se estaban facendo acusacións públicas sen que os casos concretos foran notificados ou se tiveran presentado as reclamacións correspondentes, sen probas. Continúa dicindo que, en efecto, estase facendo un gran esforzo de formación para reducir ese período de axuste e adaptación. Engade, en relación co dito anteriormente polo Sr. Cebro, que na RPT anterior se realizara execución de xeito gradual porque había acordo entre as partes, polo que había unha flexibilidade que nesta ocasión non existe, xa que estamos ante un proceso de reclamación xudicial. Por ese motivo, hai que actuar de xeito moi estrito, para evitar os defectos de forma que poderían invalidar o proceso no xulgado.

Cede a palabra ao xerente, quen manifesta que comparte a reflexión realizada polo profesor Álvarez Villamarín. Considera que o procedemento en calquera organización é estar analizando continuamente as necesidades, xa que estas son cambiantes, e valorar en cada momento se os recursos se adecúan ás necesidades.

Prosegue dicindo que, neste momento, tense abordado un cambio organizativo moi grande co cambio simultáneo de efectivos a novas responsabilidades, polo que se require un período de varios meses para lograr a adecuación das persoas e gañar eficiencia.

Pero, en efecto, é necesario revisar tamén as necesidades. Agora está aberto un proceso de negociación cun dos órganos de representación para dar resposta ás necesidades das novas infraestruturas. Por exemplo, no Campus de Ourense, iníciase unha nova titulación e ábrese un novo edificio.

E finaliza lembrando que a masa salarial está limitada e controlada, pero tamén se realizan esforzos importantes; por exemplo, nesta RPT creáronse 48 postos de traballo, dos cales 35 son de PAS laboral. En relación coa parte informática, di que todos os centros teñen apoio, aínda que nalgúns casos a dotación sexa modesta, por exemplo, no centro do profesor Álvarez Villamarín só hai unha persoa. Lembra que vimos dunha situación moito peor, pero reconece que hai que seguir avanzando.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:30 h do día 9 de outubro de 2017, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O Reitor

A Secretaria Xeral

Salustiano Mato de la Iglesia

Gloria M. Pena Uris